

## MEMORIA DE TRANSPARENCIA

### TÍTULO DA NORMA

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DE LA XUNTA DE GALICIA Y LA RÉGION ACADÉMIQUE DE BOURGOGNE-FRANCHE-COMTÉ PARA LA PUESTA EN MARCHA DE UN PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN MATERIA EDUCATIVA PARA EL FOMENTO DE LAS LENGUAS Y CULTURAS RESPECTIVAS.*

Judith Fernández Novoa, Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

### DECLARA

que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, ten previsto formalizar coa Région Académique Bourgogne-Franche-Comté o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos a partir do día seguinte da sinatura do mesmo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- favorecer vínculos de unión entre as dúas rexións desenvolvendo estratexias no ámbito da educación e da cultura;
- promover as mobilidades do alumnado entre centros educativos de ambas as dúas institucións;
- promover a mobilidade e o intercambio de boas prácticas entre o profesorado de centros educativos de ambas rexións co fin de optimizar a súa formación, así como a mobilidade do persoal responsable da Administración educativa;
- compartir propostas didácticas relativas ao ensino das linguas obxecto de estudo.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- apoiar decididamente o plurilingüismo, segundo o establecido no Preámbulo da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- desenvolver accións para a promoción da lingua francesa no ensino galego ao considerar a competencia en linguas como un recurso económico e social indispensable nunha Europa cultural e lingüísticamente diversa.
- facilitar ao alumando a posibilidade de reforzar o estudo da lingua francesa para que poida desenvolver unha personalidade máis rica e respectuosa cara a outras realidades e culturas e mellorar as súas perspectivas laborais.
- promover as mobilidades e os intercambios do alumnado, profesorado e persoal da Administración educativa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

Judith Fernández Novoa  
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

